

*Pregón a María do Ceo.
XX Edición*

Donas e Cabaleiros de Mourente,
de Mourente ó lado,
do que non é Mourente, e do que non é Mourente ó lado.
Catadores públicos e privados do caldo galego xenérico,
e do caldo galego de marca...
Autoridades...
Alcalde,
AI CALDO,
Xente de ben e xente de menos ben...
Meus benqueridos amigos...

Porque son "Ben nacida", quero agradecer en primeiro lugar a invitación para seren pregoeira desta rescendente festa de exaltación do caldo galego: ó Presidente da asociación de veciños "El Castro" de Mourente, D. Santiago Laya Fdez, e a todos e cada un dos veciños membros desta memorable asociación.
Agradecer esta honra de ser quen de dirixirme a todos vostedes, caldófilos e caldofílicos de pedigree,
e pregoar esta festa co que pretendo sexa unha fenestra ó mundo dos ditos e da poesía en relación co caldo...

Non lles vou a falar, pois, do que saben vostedes millor ca mín...
dos vellos trucos do pote e do caldo,
de cocer os grelos coa culler de pau dentro da pota,
dos troques de augas,
de como preservar o unto
ou como escomenzar por botar as fabas...

Non falarei de Cunqueiro, Don Álvaro, a quen respeto tanto como á vida,
nin do Picadillo,
nin tan sequera...
de Simone Ortega...

Non
Non falarei hoxe tampouco da historia do caldo galego,
de cando os romanos e os poncio romanos...
nin de como, antes de Colón, as castañas facían de patacas...
ou de como, despois de Colón, ás patacas chamábanlle castañas de terra...

Non
Non vou a contarlles ó que outros pregoeiros, mais doctos ca mín, fixeron xa con esmero e sabedoría...
Non vou a aprenderlles ós pais como se fan os fillos,
porque o caldo é mais vello que a requisa
e xa o comían os cregos cando se inventou a misa...

Presentareime:
Meu nome é María do Ceo, son cantora, nacida en Portugal preto de Porto, e actualmente resido nunha aldea da provincia de Ourense... de onde agora veño.
Ourense,
unha provincia que ten a ben ter O barco mais grande do mundo (o barco de Valdeorras...),
Pero tamén, e para homenaxear ó protagonista desta festa, O Río Caldo, ..alá por Lovios, onde Galicia se convirte en Portugal por Portela de Home... e o Portugal miñoto en Galicia...

Son fadista e cantora, e por eso quero contarlles de como O Caldo se senta á mesa, coma o que mais, a mesa da nosa literatura e dos nosos ditos populares...
Axudareime das fadas e das musas que inspiraron a tantos titiriteiros, músicos, poetas e poetisas... como

Rosalía de Castro, que dí:

*Fixen un caldo de gloria
que me soupo que... la mar...
Fixen un bolo do pote
que era cousa de envidiar...*

Pero tamén apela Rosalía ó caldo cando, na soidade da esposa do emigrante, obrigada a traballar de sol a sol, a esposa de quen partíu, non ten o consolo no fogar despois das tarefas:

*"¡Qué tristeza! El viento ruge,
canta el grillo su compás...;
hierve el pote..., pero,
icaldo mío sola te he de cenar!"*

E tamén Rosalía bagoa cando dí:

*Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
e a manta da cama
Vendéronlle o carro
e as leiras que tiña,
deixárono soio
coa roupa vestida.*

O poeta Pontevedrés onde os haxa Ramón Cabanillas apela ó caldo e dí:

*Non teño parentes,
amores nin chouza,
de aldea en aldea,
parroquia en parroquia
ando polo mundo
arredada e soia,
e xanto, cando atopo
cunha almiña boa
que polos seus mortos,
bótame de esmola,
a cunca do caldo
e o anaco de broa.*

E Don Manuel Curros Enríquez sentencia no seu divino sainete,

*"¡Ai do que en sombras camiña!
¡Ai do que quer facer caldo
e non ten unto e fariña!"*

Xosé Neira Vilas na súa Memoria dun neno labrego Tamén fai referencia ó caldo cando di:

"Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa."

E, D. Ramón Otero Pedrayo, falaba ós seus alumnos *do caldo vigairo ou vigario, que era aquel que era auga soa e que de tan limpo reflexaba as vigas do teito...*

Ou de Andreu Buenafuente que di:

"Los bancos son como las pastillas de caldo (nos cuecen y se enriquecen)"

Pero en Galicia tamén hay unha chea de ditos que falan do caldo:

Uns vinculados co pan...

Porque... como dicía outro pontevedrés de Pro: Don Xosé Sesto López:

"Se hai que facer un monumento ó que inventou o caldo, haberá que facer outro ó lado, tan grande, o que inventou botarlle o pan ó caldo...",

asi:

"CALDO SIN PAN NO INFERNO CHO DAN"

"CALDO SIN GRAXA, PAN SIN TASA"

"CALDO SIN PAN, DÁSELLE Ó CAN"

Hai ditos que mesmo semellan feitos a posta pra estes tempos de Crise, de candeas de aforro, e de 110 km/h:

"CALDO DE NABOS NON TIRES, QUE DE UN DÍA PRA OUTRO TE SIRVE".

ou

"EN CALDO FEITO NON HAI AFORRO"

ou aquela outra que di:

"POR UNHA FABÁ NON SE PERDE O CALDO"

"HOME REZONGÓN PIDE MOITO CALDO E POUCO LEGÓN"

ou

"Ó HOME LACAZÁN, O CALDO NO POTE E O LEGÓN NA MAN"

Hai outros moitos ditos que vinculan o Caldo co viño:

"CALDO DE POTA PEQUENA E VIÑO DE CUBA GRANDE"

ou

"O CALDIÑO TEN BO COMPAÑEIRO NO VIÑO"

outro:

"NIN POTE NO LUME SIN TOUCIÑO, NIN XANTAR NA MESA SEN VIÑO"

ou aquel outro que di:

"Quen tras o caldo non bebe, non sabe canto se perde"

Tamén hai asociacións no noso refranero entre o Caldo e a saúde:

"Caldo de galiña para as paridas..."

"O CALDO E A AUGA CRÍA BOAS RAPAZAS"

"Bebe viño despois do caldo e manda ó médico ó díaño"

"VIVIRÁS LONGAMENTE SI COMES MOITO CALDO E ANDAS SEMPRE QUENTE"

"QUEN PERDEU A CARNE, CONFÓRMASE CO CALDO"

"O CALDO DAS PARIDAS NON FAI MAL AS PREÑADAS"

"O CALDO DE GALIÑA, OS MORTOS RESUCITA"

"O CALDO RARO ENCHE O SACO, E O CALDO ESPESO SOSTÉN O HUESO"

Ou aquela outra que di:

"UN POUCO DE CALDO LIMPO, E UN POUCO DE RECEO, NUNCA LLE FIXERON MAL A NINGUEN."

"O caldo de galiña é para o doente a millor medicina"

HAI DITOS E CANTIGAS QUE FALAN DO CALDO EN RELACIÓN COAS APARENCIAS E A RAZÓN SOCIAL:

"MUCHO VESTIDO BLANCO, MUCHA PAROLA, Y EL PUCHERO EN LA LUMBRE CON AGUA SOLA..."

Ou aquel outro de:

"CÁSATE CUN CARNICEIRO, COMERÁS CALDO DE TRIPAS"

ou aquel outro que di:

"Aínda non é alcalde e xa quere comer de balde"...

Ou

"QUEN COME DO POTE ALLEU, TENLLE QUE QUITAR O TESTO Ó SEU"

Teño encontrado ditos que vinculan o Caldo e as PREFERENCIAS...

"GALIÑA VELLA FAI BO CALDO"

"UNTO E BOAS BERZAS XA FAN BO CALDO"

ou aquel outro que di:

"O CÁN BAILA POLO CALDO QUENTE, E POLA GAITA BAILA A XENTE"

Do Caldo e as AMEAZAS:

"O CALDO EN QUENTE, A INXURIA EN FRÍO"

"A QUEN NON QUER CALDO, A CUNCA CHEA!"

"Moitos cociñeiros estragan o caldo"

Respecto DO TEMPO PARA COME-LO Caldo:

"Ó MEDIODÍA CALDO NA PÍA, SI MAIS TUVIERA MÁIS COMÍA"

"SEÑORITA DE CALDO Á MERENDA"

"MEDIO DÍA CALDO QUERÍA, FUN Ó POTE E NON HABÍA"

"POLA SANTA LUCÍA XA O CALDO ALUMÍA"

"MIÑA NAI, TÍREME O CALDO QUE ME QUERO IR DEITAR"

"NON COMAS VERZAS NO DIA DE ANTROIDO, QUE CHE PICAN OS MOSQUITOS NOS OLLOS"

"Non hai caldo que non enfríe"

DITOS QUE FALAN DA RIQUEZA DO CALDO, TEMOS AQUEL DE:

"ALEGRÍA ALÉGROTE CANDO UN RABO DANZA NO POTE"

"O CALDO PARA SABER BEN, TEN QUE FOZAR O PORCO NEL"

"CANDO O CALDO TEN GRASA, ESPERA POLA SALSA" (Referíndose ó Caldo que se fai nos días solemnes, nos que se come máis que caldo...)

ou aquel outro que dí:

"SE QUERES QUE O CALDO CHE SALGA BON, REMÉXE O CON LACÓN"

ou:

"DE CALDO NON SE FAI MEDA VELLA"

"SI AS CAMPANAS FORAN O PLATO E O BADAL A CULLER... ¡AI, CALDO, CALDO!"

"VALE MÁIS UN CALDO MAL APAÑADO QUE UN POLO ASADO"

"Caldo que non leva unto, non está no seu punto"

Ou:

"Fixo a vella un caldo de grelos e chupo os dedos"

Tamén temos no noso cantigueiro o Caldo NO AMOR:

*"Embriégame co teu **caldo** de oso, ata ver borroso, non importa si está salado ou soso"*

Ou aquel outro que dí:

"O casamento e o caldo: pelando"

Porque...

"Soio o pote sabe dos fervores de seu caldo..."

Seica ídesme pór a caldo pola longura deste pregón...

Por iso vou rematar cunha coñecida canción popular,

en honor dunha Peña sempiterna en Mourente,

unha peña fiel...

dos irmans de Penafiel...

E vou facelo cantando "a capela" estes versos que din así:

Non aí festa nesta aldea
sen foguetes a estourar,
sen a tijela ben chea
de caldiño a fumegar

caldo verde caldo verde
a fumegar na tijela
feito con broa de millo,
mata a fome mata a sede,
de quen anda na courela
ou na eira con o trillo,

caldo verde caldo verde,
tan verdiño como o prado,
tu es a maior riqueza
de quen nos campos se perde,
no traballo tan honrrado
nesta terra de Mourente.

VIVA O CALDO DE MOURENTE

Moitas gracias.